

MEMORIA DE ACTIVIDADES



Santiago de Compostela, a 10 de decembro do 2023



QUE É O FOROESGAL

O ForoESGal pola Economía social Galega é un espazo de encontro entre entidades da economía social galega, portavoz das súas demandas e propostas e un actor principal que favorece o impulso, a visibilidade e o recoñecemento da Economía social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

Entre os seus obxectivos figuran o de visibilizar e representar a economía social ante a sociedade galega e ante o resto de axentes políticos, económicos e sociais e favorecer o desenvolvemento destas entidades a través da intercooperación e o acceso a procesos de contratación pública.

MISIÓN:

O ForoESGal pola Economía social Galega é unha iniciativa socio-empresarial representativa da Economía social en Galicia, lugar de encontro das distintas familias que a compoñen e portavoz das súas demandas e propostas ao tempo que é actor principal para favorecer o impulso, a visibilidade e o recoñecemento da Economía social como motor de xeración de emprego, democracia económica, sustentabilidade, desenvolvemento rural e distribución de riqueza en Galicia.

VISIÓN:

O ForoESGal pola Economía social Galega aspira a ser a entidade de

referencia no ámbito da Economía social en Galicia con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios da Economía social, fomentando a intercooperación entre as distintas familias que a compoñen, colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.



VALORES:

Os principios que rexen e enmarcan as actuacións do FOROESGAL son os seguintes:

- a) Carácter aberto ás entidades que forman parte da economía social, en especial as súas entidades representativas e preferentemente ás que desenvolven unha actividade empresarial ou vencellada ao mercado, se ben a adhesión deberá ser aprobada formalmente polas entidades membro.
- b) Enfoque non partidario.
- c) Orientado a compartir obxectivos a prol da economía social e a desenvolver estratexias aprobadas democraticamente polos seus membros.
- d) Concibido como marco de cooperación con personalidade

- xurídica propia como asociación sen ánimo de lucro.
- e) Voluntario, manifestándose a solicitude de admisión mediante acordo ou adhesión expresa ao manifesto e documento base, debendo ser a adhesión aprobada formalmente tal e como se fai constar no apartado a).
 - f) Flexible, tanto nos seus contidos como no seu funcionamento.
 - g) Coordinado e relacionado con outros ForoESGals ou consellos onde se compartan obxectivos, tanto a nivel galego como estatal, así como con outros marcos de cooperación semellantes.
 - h) Financiado mediante achegas monetarias ou en especie das entidades que formen parte, liñas de axudas públicas ou privadas, doazóns ou calquera outra fonte admitida en dereito e que non entre en contradición cos seus principios e valores.

Os valores que defende este ForoESGal e que se lle demandan as entidades que formen parte, son os propios da economía social:

- Primacía das persoas e do fin social sobre o capital.
- Xestión democrática, transparente e participativa.
- Cooperación entre as empresas da Economía social.
- Promoción da equidade e da solidariedade interna e coa sociedade.
- Promoción da sostibilidade e a mellora ambiental.
- Reinvestimento de excedentes xerados en base á ausencia de ánimo de lucro.

ENTIDADES ASOCIADAS:

O ForoESGal aglutina ás entidades que conforman as organizacións máis representativas das diferentes familias empresariais da economía social en Galicia:

- AEIGA: Asociación de Empresas de Inserción de Galicia.
- AESGAL: Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia.
- AGACA: Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias.
- CEGASAL: Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro.
- ESPAZOCOOP: Unión de Cooperativas Galegas.



ACTIVIDADES

Para a realización desta Memoria establécense tres obxectivos estratéxicos que ten o ForoESGal e, dentro de cada un, identificaremos e analizaremos as actuacións realizadas.

Obxectivos:

1. Visibilizar a economía social perante a sociedade e os principais axentes económicos.
2. Representar os intereses da economía social perante os principais axentes políticos, económicos e sociais.
3. Xerar condicións para o desenvolvemento das entidades de Economía social galegas a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública.

1. **Visibilizar a Economía social perante a sociedade e os principais axentes económicos**

Os retos que afronta o ForoESGal baseáanse, principalmente, en ensalzar a Economía social Galega sendo alicerce da conxugación dos distintos sectores produtivos que acolle e as responsabilidades sociais que defende como o mantemento de empregos de calidade, a distribución da riqueza ou a implicación ca contorna, por exemplo.

Neste senso, asínase un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o ForoESGal pola Economía social Galega para visibilizar e fomentar a participación da economía social galega durante todo o ano 2023.

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia: *“Difusión e visibilización da economía social”*, mediante o desenvolvemento de accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia, deseñáronse as seguintes accións e actividades:

1.1 Difusión da exposición da historia da economía social galega



Presentación da exposición da historia da economía social Galega no Parlamento de Galicia, exposta durante o mes de xaneiro, para que os deputados e deputadas poideran coñecer a importancia do sector da economía social e a súa transcendencia histórica.

De modo particular, organizamos unha visita guiada para os membros da comisión de Sanidade, Política social e Emprego do Parlamento de Galicia.

A exposición tamén estivo presente o 8 de marzo nos actos conmemorativos do Día Internacional da Muller nun evento organizado pola Asociación Mulleres de Seu, formado polas socias da cooperativa agroalimentaria CLUN.





1.2 Día da economía social Galega e V aniversario do ForoESGaIESGAL. 14 de xuño

Neste día conmemóranse os avances da economía social en Galicia. Data de encontro do tecido asociativo e empresarial galego en torno á economía social.



As cinco familias que conforman de ForoESGaEsGal, nomeadamente, a Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA), a Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (AESGAL), a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA), a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (CEGASAL) e Espazocoop, Unión de Cooperativas Galegas celebraron, de entrada, senllas asembleas que acabaron confluíndo nun plenario final baixo a premisa: *“O márketing e a comunicación nas empresas: os valores da economía social, un factor de competitividade?”*.

Tras a benvida do presidente de ForoESGaEsGal, entrouse en materia co discurso de Juan Vázquez Gancedo, director xeral de Adegas Martín Códax. Tras a exposición teórica, a xornada centrouse nos casos prácticos cunha mesa redonda integrada por Jéssica Rey, directora de Marketing e

Comunicación de Clun S. Coop; Marta Paz, socia en Coma Comunicación Creativa S. Coop; e, María Acuña, directora de comunicación e relacións institucionais de Galega de Economía social, grupo empresarial que agrupa a diversos centros especiais de emprego.



Como colofón á intensa mañá, pecharon o plenario os discursos do Comisionado especial de España para a Economía social, Víctor Meseguer, e da conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana.





1.3 DÍA do Cooperativismo Galego. 1 de xullo

A cooperativa AgroFlor de Narón acolleu a celebración deste día onde o ForoESGal estivo presente como parte da economía social galega.



1.4 VI Premios CEGASAL e coloquio xantar-empresarial. 21 de novembro

O ForoESGal foi convidado á gala dos Premios CEGASAL e ao coloquio xantar-empresarial que o precedeu, en Santiago de Compostela, no que se achegaron máis 150 persoas



Durante a gala, que celebrou a súa VI edición, entregáronse unha serie de recoñecementos, tanto a persoas físicas, como xurídicas e administracións, polo seu compromiso coa Economía social Galega durante o presente ano.

1.5 **Semana Universitaria da Economía social.**

Centros, institutos e outras estruturas universitarias de investigación en Economía social en España e a nivel internacional, celebraron entre os días 20 e 30 de marzo, a 4ª Semana Universitaria da Economía social.

Un total de 127 actividades, en 26 universidades, programáronse para estes días completando unha moi ampla e variada axenda de actos, co obxectivo de dar a coñecer a intensa actividade docente e de investigación universitaria sobre o sector das cooperativas, sociedades laborais, mutualidades, empresas sociais e terceiro sector de acción social.

O ForoESGalESGal participou nesta 4ª Semana Universitaria da Economía social da man do Centro de Estudos Cooperativos e de Economía social, dependente da Universidade de Santiago de Compostela que estivo composta por conferencias, mesas redondas, cinema-fóruns, presentación de publicacións, entre outras.



1.6 Representación do ForoESGaESGAL en actos institucionais

O ForoESGaESGAL estivo presente, representado ao sector da economía social, en numerosos actos entre os que cabe destacar:

- Inauguración de varios Polos de Emprendemento, invitados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Asistencia ao acto organizado pola Consellería de Facenda sobre o Corredor Atlántico.
- Asistencia a Asemblea da Confederación Española de Cooperativas de Trabajo Asociado.
- Asistencia a eventos de fomento do emprendemento



- Asistencia ao acto do 25N, en contra da violencia de xénero. Acto institucional da Xunta de Galicia.



- Asistencia á presentación do proxecto CAPACITADAMENTE, proxecto de mellora da empregabilidade das persoas con trastorno mental severo promovido por CEGASAL.
- Participación na xornadas do Consello Económico e Social, en relación á presentación do estudo sobre as oportunidades para as comunidades enerxéticas.
- Presentación das liñas estratéxicas e orzamento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, en Ourense.

1.7 **Presencia no xurado do proxecto “O noso reto solidario”, de proxectos de emprendemento.**

O ForoESGalESGAL estivo presente, representado ao sector da economía social, no proxecto “O noso reto solidario” promovido pola Fundación Botín, a Fundación Roberto Rivas e a Fundación Amigos. Nel participamos no xurado, que seleccionou os mellores proxectos empresariais da edición 2023.

1.8 **Grupo de mulleres líderes da economía social**

Desde o Ministerio de Trabajo y Economía social, se ha creado un grupo de mulleres líderes da economía social a nivel estatal. O se obxectivo é establecer unha folla de ruta que nos permita acadar maiores niveis de igualdade dentro do sector.

Neste grupo contamos coa presenza de Ana Oliveira, presidenta

de Espazo coop.



1.9 Comunicación

En atención ao compromiso SEGUNDO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Difusión e visibilización da economía social*", concretamente, *impulsando as accións de comunicación dirixidas a incrementar e reforzar o acceso á información relevante sobre o sector por parte da poboación en xeral*, o ForoESGal promoveu a comunicación das accións desenvolvidas dende ForoESGalESgal e incluso das entidades que a conforman dende as ferramentas das que dispoñemos: web e redes sociais, ademais da elaboración de notas de prensa relativas aos actos que vimos organizando e dos que os medios se están a facer.

Principalmente, o ForoESGal publicou nas contas en Facebook, Instagram, Twitter. Durante este ano, co fin de incrementar os seguidores nas redes sociais, así como dispor dunha programación de contidos, contratáronse os servizos externos de profesionais: por unha banda, unha consultoría para a elaboración dun Plan de Medios Sociais no que se analizou a situación actual do ForoESGal e se concretaron accións para impulsar a comunicación en Redes Sociais e na sección de novas da web.

Como resultados destas acción:

CANLE	NOVOS USUARIOS
Web	313
Facebook	600
Twitter	316
LinkedIn	232
Instagram	383

Por outra banda, contratáronse puntualmente os servizos dunha profesional para a elaboración de diversas notas de prensa e comunicación cos diversos medios de comunicación (ver Anexo)

2. REPRESENTAR OS INTERESES DA ECONOMÍA SOCIAL PERANTE OS PRINCIPAIS AXENTES POLÍTICOS, ECONÓMICOS E SOCIAIS.

2.1 PRESENZA EN FOROESGALS EUROPEOS E ESTATAIS DA ECONOMÍA SOCIAL

Para atender o compromiso PRIMEIRO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia: *“Reforzo da presenza da economía social de Galicia nos ForoESGals europeos e estatais”* e promover activamente a visibilización e posicionamento da Economía social de Galicia nas entidades representativas do sector de ámbito europeo ou estatal así como nos organismos públicos destes ámbitos.

Concretamente:

- Tres xuntanzas entre a Consellería de promoción do emprego e igualdade, ForoESGal e o presidente de CEPES (e tamén presidente do sector de economía social de Murcia) para establecer un convenio de colaboración entre o Goberno Galego, o Murciano e o Navarro de fomento da economía social, nos distintos territorios.
- Estratexia de incrementar a presenza exterior da economía social galega a través de:
 - o Presencia da conselleira no Intergrupo da Economía social, no parlamento europeo.
 - o Promover a presenza do goberno galego, no acordo bilateral España-Portugal de fomento da economía social.
- Asistencia a Conferencia euromediterránea de Economía social, celebrada en Barcelona os días 16 e 17 de outubro.



- Asistencia a Conferencia Europea de Economía social, celebrada en San Sebastián os días 12 ó 14 de novembro.



Este ano a nivel estatal está marcado pola incidencia política en dous asuntos de moito calado para o sector:

- 1) A tramitación da “Ley integral de economía social”, que recollía modificación de tres leis substanciais para o sector (lei de economía social, lei de empresas de inserción e lei de cooperativas). Finalmente cando dita lei iniciaba a fase de tramitación parlamentaria, ForoESGaln convocadas as eleccións xerais en xullo de 2023, e por tanto quedou parada.

ForoESGal moitas as actuacións vinculadas a esta tarefa, asistencia a grupos de traballo, elaboración de informes, presentacións perante os distintos grupos parlamentarios.



- 2) O PERTE de economía social, no que se desenvolveu unha convocatoria en xaneiro de 2023, e que supuxo un esforzo importante de difusión, asesoramento e seguimento dos procesos de aprobación. Dados os malos resultados asesoramos para unha segunda convocaría, que previsiblemente sairá en xaneiro de 2024.

2.2 Consolidar a interlocución coa Consellería de Emprego e Igualdade e outras administracións

Durante o 2023 mantivéronse diversas xuntanzas coa Consellería de Emprego e Igualdade iniciadas tanto pola nosa parte como por parte da consellería.

Algunhas delas son as seguintes:

En xaneiro de 2023 reunímonos coa Conselleira, entre outros, abordarse os seguintes temas:

- 1) Convenio de colaboración co goberno de Murcia e Navarra, para fomento e promoción da economía social.
- 2) Deseño de actuación para incrementar a presenza no ámbito da economía social europea.

En Febreiro 2023 a consellería nos citou para abordar o estudio de dúas cuestións:

- 1) A abordaxe dunha solución dende fórmulas de economía social, da situación no sector de axuda a domicilio.
- 2) Estudio da creación dun Clúster de Economía social.

En marzo e abril do 2023, acompañamos á Conselleira a Chantada, para asesorar a un grupo promotor de mulleres na posible creación dunha cooperativa de atención domiciliaria. Tamén, realizamos unha visita á empresa Saraiva, de atención as persoas maiores, en Pontevedra.

En xuño do 2023, mantivemos un encontro a directiva de ForoESGalESGAL, co novo equipo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Onde se presentou a nova conselleira e o novo secretario xeral de emprego e economía social.

Ademáis dos encontros coa Consellería competente en materia de economía social, o ForoESGal mantivo xuntanzas coas seguintes administración:

- En abril de 2023, co Delegado de Goberno, José Miñones.
- En novembro de 2023, coa Deputación de Pontevedra, vicepresidente da deputación de Pontevedra.
- En novembro de 2023, coa Deputación de Lugo, deputado responsable da promoción económica.

Este ano 2023, na súa labor de incidencia política e asesoramento ao goberno galego, cabe destacar as actuacións do ForoESGal nos seguintes ámbitos:

- 1) Participación na elaboración da Estratexia Galega de Economía social, participando tanto nunhas xornadas cos diferentes axentes do ecosistema da economía social galega, como en grupos de traballo para validación das obxectivos e medidas propostas.
- 2) Revisión da convocatoria da Rede Eusumo, para adecuar mellor esta importante financiación ás prioridades do sector.
- 3) Revisión e Asesoramento da convocatoria do Bono consolida.



2.3 CEPES

En atención ao compromiso PRIMEIRO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia *"Reforzo da presenza da economía social de Galicia nos ForoESGals europeos e estatais"*

Dende ForoESGal consideramos de especial aliñar todas as nosas accións coas actividades de CEPES, de cara a xeración de economías de escala.



Somos socios da Confederación Empresarial Española da Economía social, e por tanto participamos na Xunta directiva. Este ano cabe destacar a incorporación do ForoESGal, dentro do área de presidencia, e por tanto asumindo tamén un rol de representación institucional dentro da economía social española. Derivado da participación do Foro en CEPES, desplegaronse as seguintes actuacións:

- Asistencia a seis Xuntas Directivas durante o ano 2023, celebradas en Madrid.



- Participación na Asemblea Xeral de CEPES, celebrada en San Sebastián, no marco do nomeamento de San Sebastián como Capital Española da Economía social.
- Asistencia a sete reunións da área de presidencia de CEPES. Ademais do marco da pertenza á área de presidencia, o ForoESGal estivo presente en:
 - o Reunión con representantes e co presidente do Partido Popular, Alberto Núñez Feijóo, de cara a establecer relacións institucionais e presentar a economía social.
 - o Distintas xuntanzas no marco da incidencia política derivada da tramitación da lei integral de Economía social.
 - o Xuntanzas con partidos políticos a nivel estatal con motivo das Eleccións xerais de xullo de 2023.



2.4 Universidade

Mantemos a comunicación coa Universidade co obxecto de formenar a inclusión da Economía social na oferta curricular. Estamos traballando no deseño dalgún tipo de programa Máster en Economía social, ao tempo que apoiamos a elaboración dos informes da economía social galega.



2.5 Relación cos partidos políticos e grupos parlamentarios:

Temos un canal ordinario e fluído cos distintos partidos políticos e de forma especial cos grupos parlamentarios, de cara a poder trasladar a nosa posición sobre os disintos proxectos lexislativos.



Neste senso, representantes dos distintos grupos parlamentarios acompañáronnos nas distintas actividades que organizamos.

De forma singular este ano, dado que houbo eleccións xerais en xullo, tivemos unha intensa axenda política de cara a trasladar as nosas demandas os diferentes partidos que se presentaron as eleccións. Mantivemos encontros co Partido Popular, PSdG, SUMAR, e BNG.



2.6 Establecer alianzas co resto de familias da economía social.

Mantívose contacto coa EAPN de cara a facilitar, dende as súas organización, o apoio para a contratación de persoal no cooperativismo agroalimentario.

En canto ás Comunidades de Montes e Cofrarías de Pescadores, estes ForoESGal convidados aos actos do ForoESGal. No caso particular das comunidades de montes, trasladouse a demanda de que poideran ser consideradas como Comunidades Enerxéticas, facendo xestións a través de CEPES e do Ministerio.

2.7 Presencia en Órganos de participación institucional

O ForoESGal, como representante do sector da economía social galega, ten presenza en distintos organismos de participación, entre os que cabe destacar:

- O Consello Economía social de Galicia: celebrado en novembro, no que se presentou a memoria do ano 2023, así como as liñas mestras dos orzamentos 2024. Tamén cabe reseñar a presentación do adianto da estratexia galega de economía social.
- O Consello Económico e Social de Galicia: co fin de lograr unha sistemática de identificación e achegas ás lexislacións que se presenten no CES, establecendo aportacións internas e externas acordadas ao grado de impacto da lexislación no sector da economía social e contando coa colaboración de Novaworks.
- O Consejo Estatal de Fomento de la Economía social: como órgano asesor do Ministerio de Trabajo e Economía social onde estamos representados. Houbo dúas convocatorias ao longo do ano.

3. XERAR CONDICIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL GALEGA A TRAVÉS DA INTERCOOPERACIÓN ENTRE AS ORGANIZACIÓNS SOCIAS.

En atención ao compromiso TERCEIRO establecido no convenio de colaboración coa Xunta de Galicia "*Desenvolvemento e impulso da economía social*", promovemos e identificamos oportunidades para a economía social:

- 1) Creación de dous grupos de traballo, un centrado nos aspectos de incorporación da marca economía social dentro das estratexias de marketing e outro sobre innovación social.
- 2) No grupo de economía circular, estase a traballar da man da Consellería de Medioambiente, a través de SOGAMA, para que a economía social esté presente dentro do plan de xestión dos residuos textís.
- 3) Potenciar o traballo conxunto dentro das distintas familias da economía social, dentro do programa de Mentorización de empresas de economía social.
- 4) Realización dun estudo para valorar a posibilidade de creación dun Clúster de Economía social.

4. XESTIÓN DA ENTIDADE

O ForoESGal, é un instrumento das entidades representativas das diferentes familias da economía social. Tal e como se apunta nos seus obxectivos, busca a visibilización, representación sectorial, desenvolver o sector da economía social a través da intercooperación e a contratación pública responsable.

A súa organización interna resposta tamén a este obxectivos e por ese motivo conta con dous ámbitos:

4.1 Xunta Directiva: representación política

A través da presidencia e das dúas vicepresidencias executáronse funcións de incidencia política. Ademais, os membros da Xunta Directiva ForoESGal os encargados de supervisar ás distintas actuacións que se realizarían de cara a un axeitado aliñamento estratéxico en xeral e dos obxectivos de incidencia política en particular. Ao longo de 2023 desenvolvéronse nove Xuntas Directivas.

Os xerentes das entidades asociadas conforman un órgano de asesoramento constante á Xunta Directiva e ademais aos responsables do plan de actuación do ForoESGal.

4.2 Equipo técnico

Composto por unha directora, un responsable económico e unha responsable de comunicación.

Este equipo técnico, formado por profesionais das diferentes

organizacións representativas, unifican experiencia e capacidade para a execución das diferentes accións e o mantemento da propia entidade.

A conformación desta forma organizativa responde a favorecer a integración tanto de persoal técnico, como de persoal directivo e representantes políticos da economía social. Esta é a base e o abono para xerar a intercooperación no sector da economía social.

Algunhas das principais accións levadas a cabo este ano ForoESGal:

1. Proceso de planificación anual e seguimento de cada un dos proxectos.
2. Dinamización da Xunta Directiva, Equipo de xerentes e o equipo técnico
3. Realización das obrigas contables, fiscais, xestión de cobros e pagos, así como o relativo a xustificacións.
4. Encargouse a realización de informes e estudos, para empregarse nas accións de incidencia política e como base para as comunicacións e posicionamentos públicos.

ANEXOS

1. Dossier de prensa
2. Dossier de RRSS

Día de la Economía Social Gallega

ForoEsGal reclama la modificación de la ley gallega del sector y que se cumpla la ley de contratos

En el Día de la Economía Social Gallega, el Foro pola Economía Social Galega (ForoEsGal) ha reclamado la modificación de la ley gallega del sector para adecuarse a la realidad de un modelo empresarial centrado en las personas y que se sustenta en valores como la cohesión social y territorial.

REDACCIÓN 02 NOV. 2022 economía social Foro-pola-Economía-Social-Galega Celso-Gándara Ley de Contratos del Sector Público ForoEsGal



PORTADA POLÍTICA SANIDAD ECONOMÍA DEPORTES CULTURA OPINIÓN MOVIMIENTOS GALICIA EN RED ÚLTIMA HORA

CLAVES DE LA SEMANA MARIN xunta galicia vientos Nadia Calviño

Ser el primero en ver
el video de la semana

Mejor ... Conectados

La USC acogerá del 26 al 28 de febrero la Semana Universitaria de la Economía Social

Contará con una jornada de presentación de proyectos ApS, una exposición cata de ideas en la economía social y aulas dedicadas a la materia



Europa Press | Miércoles, 19 de febrero de 2020, 15:15

Contará con una jornada de presentación de proyectos ApS, una exposición cata de ideas en la economía social y aulas dedicadas a la materia

La Facultad de Ciencias Económicas de la Universidade de Santiago de Compostela (USC) acogerá del 26 al 28 de febrero la Primera Semana Universitaria de la Economía Social, que contará con un total de 72 actividades en 20 universidades de toda España.



Ser el primero en ver el video de la semana

Mejor ... Conectados

Última hora

- Rueda reivindica en Santiago las medidas sociales con las que cierra el año y Vereja agradece el trabajo hecho
- Barco de guerra de Francia aborda a narcolancha gallega con toneladas de



noticias

economía

nacional

sociedad

autonomías

ECONOMÍA SOCIAL

La Xunta defiende la economía social como “modelo resiliente” ante situaciones de falta de materias primas

23 MAR 2022 | 14:03H | SANTIAGO DE COMPOSTELA

SERVIMEDIA



El acto central, el 22 de marzo en la Facultad de CC.Económicas y Empresariales

La USC y CECOOP se implican en la IV Semana Universitaria de la Economía Social

La Universidad de Santiago de Compostela es una de las 38 universidades españolas y de Iberoamérica que participa en la IV Semana Universitaria de la Economía Social, que promueve cerca de 150 actividades del 20 al 30 de marzo.

REDACCIÓN 21 MAR 2023 usc economía social CECOOP cooperativas



La la IV Semana Universitaria de la Economía Social está convocada por el Centro Internacional de Investigación e Información sobre Economía Pública, Social y Cooperativa (CIRIEC-España) a través de la Red ENUIES, de Centros e Institutos Universitarios de Investigación en Economía Social y de la que forma parte el **CECOOP**, el Centro de Estudios Cooperativos de Galicia.

A través de las actividades programadas se pretende llevar la economía social a la universidad y viceversa, la universidad mostrará lo que se está realizando en sus aulas y laboratorios hacia la economía social. Habrá conferencias, charlas en el aula, mesas redondas de entidades, cine-fóruns, exposiciones, presentación de publicaciones y de resultados de proyectos de investigación, seminarios, talleres o formaciones específicas,

PUBLICIDAD



SANDRO

14 DECEMBRO, 2023

NOVAS

CULTURA

OPINIÓN

ÚLTIMAS NOVAS

to de peonalización da rúa Montevideo

Presentación da terceira edición de Turisláb

Xuventude organiza un escape room navideño

HOME » NOVAS » **BESTEIRO: "OS SOCIALISTAS SEMPRE ESTAREMOS COA ECONOMÍA SOCIAL"**



CODEX CINEMA



ÚLTIMAS NOVAS



RIBEIRA SACRA

Besteiro: "A economía social encarna os valores do PSOE"

Ensalzou a labor hecha en Chantada por la empresa de galletas mariñeiras Daveiga, a la que puso de exemplo



Lugo y Chantada

Besteiro destaca la importancia de la economía social como generadora de empleo de calidad en Galicia

El candidato al Congreso y Pedro Blanco se reunieron en Chantada con las familias que conforman el Foro por la Economía Social Gallega

Sumar Redacción Enfoques — 17 julio, 2023



EXPOSICIÓN: JACQUES CHANTADA

Gómez Besteiro y el Delegado del Gobierno en Galicia, Pedro Blanco, se reunieron en Chantada con todas las familias que conforman el Foro por la Economía Social Gallega y manifestaron su firme apoyo a esta "forma de hacer empresa", que en Galicia representa el 7% del PIB gracias a las más de 4.800 entidades, el 11% de ellas en la provincia de Lugo, y que generan aproximadamente 25.000 empleos.

Después de visitar la empresa de galletas marifeiras Davaiga, "un ejemplo de lo que la economía social puede hacer en el rural, fijando población y apostando por el territorio", el candidato número 1 al Congreso por el PSdeG-PSOE de Lugo y el

Noticias del momento



Descubren en el Castro-Santidai, en Cedeira, la primera forja de la época galieno-romana completa de Galicia.

12 de febrero, 2024

Publicidad

RESPECTAR E CONVIVIR



Ferrol: "Es el fin de una etapa y el inicio de una nueva y esperanzadora"

12 de febrero, 2024



Así será el primer trimestre de 2024 en el Razo da Cultura de Narón, con Lolita Flores y Anabel Alarcón.

12 de febrero, 2024





Lorenzana apunta a la colaboración público-privada para continuar con el impulso de la economía social por ser un sello de identidad y calidad para Galicia

- La conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade participou hoxe en la clausura de la asamblea de la Economía Social Galega (Foroesgal) en Santiago de Compostela



PUBLICIDAD



1.595 €



295 €



695 €

SANDRO



ARÁN FEIJOO COVEIRO



15/06/23 - 15:15
Actualizado: 15/06/23 -
16:44



695 €



1.595 €



295 €

Segundo parte de la economía social dotado de 1.766 millones



El plenario fue seguido por numerosas personas. Aquí, un momento de la charla de Vázquez Gancedo

El comisionado especial de España para la



PUBLICIDAD



SANDRO

ANÁLISIS

VISTO Ads by clickio



hijo del fracaso

PUBLICIDAD



1.595 €



295 €



695 €



295 €

SANDRO



Xunta y Foroesgal avanzan en la proyección de la economía social como fórmula de éxito en Galicia

- La conselleira de Promoción de Empleo e Igualdad, Elena Rivo, participou en una reunión con el Foro de la Economía Social Gallega (Foroesgal)



Ser el primero en ver
el video de la semana

Mejor ··· Conectados

Xunta y Foroesselgal avanza en la proyección de la economía social como "fórmula de éxito" en Galicia

La conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, se ha reunido este viernes con representantes de cada una de las familias que integran el Foro da Economía Social Galega (Foroesselgal) para avanzar en futuras colaboraciónes y proyectos para impulsar esta "fórmula económica de éxito en Galicia".



Europa Press | Viernes, 15 de septiembre de 2023, 16:30



Ser el primero en ver el video de la semana



Mejor ··· Conectados

Última hora

- Rueda reivindica en Santiago las medidas sociales con las que cierra el año y Vereas agradece el trabajo hecho
- Barco de guerra de Francia aborda a narcolancha gallega con toneladas de cocaína en Cabo Verde



Inicio > SOCIEDAD > Xunta y Foroesgal avanzan en la proyección de la economía social como...

Xunta y Foroesgal avanzan en la proyección de la economía social como «fórmula de éxito» en Galicia

SOCIEDAD

PUBLICADA EL 15 SEPTIEMBRE, 2023

EUROPA PRESS

f

X

W

+



La conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, mantén un encontro con representantes do Foro pola Economía Social Galega (Foroesgal)., XÓAN CRESPO

La conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, se ha reunido este viernes con representantes de cada una de las familias que integran el Foro da Economía Social Galega (Foroesgal) para avanzar en futuras colaboraciones y proxectos para impulsar esta «fórmula económica de éxito en Galicia».

PUBLICIDAD

NOVOBANNER

digital advertising solutions

ÚLTIMAS NOTICIAS

POLÍTICA

Xunta y Foroescal avanzan en la proyección de la economía social como "fórmula de éxito" en Galicia



Código: 5441346

Fecha: 15/09/2023

Dimensiones: 2766 x 1181 (1.03MB)

Fotos del Tema: 1

Pie de Foto:

La conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, mantene un encontro con representantes del Foro pola Economía Social Galega (Foroescal).

Foto de ARCHIVO

Firma: XOÁN CRESPO



Para descargar esta foto, entre como abonado o contáctenos al teléfono: +34 91 359 26 00

Plenario del Foro pola Economía Social Galega en Santiago

La economía social tendrá ayudas en septiembre a través de un Perte específico

El Comisionado especial de España para la Economía Social, Víctor Meseguer, anunció en Santiago de Compostela que en septiembre saldrá la segunda convocatoria de ayudas, dotada con más de 1.760 millones de euros, para fomentar e impulsar proyectos de economía social, dentro del Perte específico para este modelo empresarial.

REDACCIÓN 14 JUN 2023 economía social agaca ForoEsGal modelo empresarial Víctor Meseguer



PUBLICIDAD



SANDRO

La economía social tendrá ayudas en septiembre a través de un Perte específico



La economía social tendrá ayudas en septiembre a través de un Perte específico

El Comisionado especial de España para la Economía Social, Víctor Mesequer, anunció en Santiago de Compostela que en septiembre saldrá la segunda convocatoria de ayudas, dotada con más de 1.760 millones de euros, para fomentar e impulsar proyectos de economía social, dentro del Perte específico para este modelo empresarial.

Víctor Mesequer, que se mostró impresionado por el número de empresas que conforman el Foro pola Economía Social.

AYUDAS

ECONOMÍA

ECONOMÍA SOCIAL

Buscar

Buscar...



Publicaciones recientes



Nueva entidad creada en Economía Social: Asociación Casa Mater.

23 AGOSTO, 2023



Nueva entidad creada en Economía Social: Asociación ADEMAE.

12 JULIO, 2023



Nueva entidad creada

PUBLICIDAD



ARÁN FEIJÓO COVEIRO



01/04/23 - 03:49

PUBLICIDAD

Oposición frontal del ForoEsGal a la propuesta parlamentaria del grupo mixto



📷 Celso Gandarri / RR SS

El Foro por la economía social se opone de forma expresa a la propuesta de Teruel existe, que propone que los comercios, bares y centros de hostelería puedan ser gestionados por personas

ESDEMARCA

Your partner in fashion



Pepe Jeans - Jersey Denim V gris oscuro



Pepe Jeans - Jersey Denim V marrón



Art - Botines de piel amarilla, negro altura tacón 9cm



Art - Botines de piel gris, negro altura tacón 9cm



Pepe Jeans - Jersey Denim V marrón claro



Pepe Jeans - Jersey Denim V azul

ANÁLISIS

VISTO Ads by clickio



hijo del fracaso

PUBLICIDAD



La segunda convocatoria del PERTE de Economía Social traerá 1.766 millones de euros en septiembre para el sector

🕒 14 de junio de 2023 📁 Economía social

El comisionado especial de España para la Economía Social, Víctor Meseguer, anunció, en la quinta edición de la Asamblea de la Economía Social organizada por el Foro pola Economía Social Galega FOROESGAL, la segunda convocatoria del Perte de Economía Social, que saldrá en septiembre y contará con 1.766 millones de euros. Meseguer detalló que la convocatoria está concebida para apoyar con más fuerza los proyectos liderados por pequeñas y medianas empresas, que podrán obtener hasta la mitad de la financiación necesaria, mientras que las iniciativas de las grandes compañías podrán alcanzar hasta el 15% de la inversión necesaria.



FOROESGAL reunió en esta jornada, celebrada en Santiago de Compostela, a casi 200 personas representantes de las cinco familias de este sector que la conforman desde 2018: la Asociación de Empresas de Inserción de Galicia AEIGA, la Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia AESGAL, la Asociación Galega de

Etiquetas

Algalia calidad Consultoría económica Crisis
Coronavirus Economía Social econó-
mico equipos estrategia fiscal iva la-
boral legal liderazgo Oportunidades
Personas plan de negocio procesos socio laboral
Virada

EMPRESAS

1.766 millones de euros para el segundo Perte de Economía Social

A. CHAS @AbuTaChas_Vigo 14 JUN 2023 18:31



Victor Meseguer, comisionado de España para la Economía Social, esta mañana en Forogal.

• **ForoEsgal** cifra en 850 millones de euros el impacto de la economía social en Galicia

El comisionado especial de España para la Economía Social, Víctor Meseguer, hizo el anuncio en Santiago de Compostela, en el plenario del Foro para la Economía Social Galega (ForoEsgal). La convocatoria saldrá en septiembre.

La segunda convocatoria del Perte de Economía Social saldrá en septiembre y contará con 1.766 millones de euros. Así lo ha anunciado el comisionado Víctor Meseguer durante el plenario de ForoEsgal, el foro que aglutina a las distintas organizaciones gallegas de economía social y que se ha celebrado hoy en Santiago de Compostela.

Meseguer detalló que la convocatoria está concebida para apoyar con más fuerza los proyectos liderados por pequeñas y medianas empresas, que podrán obtener hasta la mitad de la financiación necesaria, mientras que las iniciativas de las grandes podrán alcanzar hasta el 15% de la inversión necesaria.

Comentar

ÚLTIMA HORA



- 23:18 El Dow Jones cierra por encima de los 37.000 puntos...
- 21:37 El PP avisa de las consecuencias del pacto...
- 21:29 Dos firmas pujan por la unidad productiva de Party Fiesta
- 21:04 Chery elige Autoterminal Barcelona para distribuir sus...
- 20:06 Los sindicatos de Ibero convocan ocho días de huelg...

POBLO ALBAZ

Simulador de hipoteca variable





El presidente de la Xunta participa en el acto de entrega de los Premios Cegasal 2023

Rueda destaca el apoyo e impulso de la Xunta al empleo inclusivo al que se destinarán 33,4 M€ en 2024

- Destaca el compromiso de la Xunta y de entidades como Cegasal para insertar en el ámbito laboral a las personas con discapacidad



ANEXO II. COMUNICACIÓN: PUBLICACIÓN EN RRSS


🌐 Exemplos de post publicados ao longo do ano:






FOROESGAL


Foro pola Economía Social Galega



Twitter



Datos desde Maio a Xullo



Cifras desde Setembro a Decembro de 2023

